

DECRETO ____/2019, do ____ de 2019, polo que se regula a composición e as funcións da Comisión Interdepartamental en Materia de Educación e Saúde.

A Lei 1/2018, do 2 de abril, pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, engade un novo título XI a esta para crear a Comisión Interdepartamental en Materia de Educación e Saúde.

Establece en tres artigos a regulación básica relativa á finalidade, á composición e ás funcións dese órgano, que ten como obxectivo a coordinación da actuación entre as consellerías competentes en materia de sanidade e educación no desenvolvemento de iniciativas de promoción, protección e educación para a saúde.

Principalmente, este órgano estudará os problemas de saúde relevantes e a súa incidencia no ámbito educativo, e realizará as propostas de actuación que estime necesarias para acadar unha maior eficiencia na promoción da saúde no ámbito educativo. O funcionamento desta comisión responderá aos principios de eficacia, eficiencia e participación.

O artigo 139 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, establece que a composición desta Comisión Interdepartamental en Materia de Educación e Saúde regularase por decreto do Consello da Xunta e nela procurárase unha presenza paritaria de mulleres e homes. Asemade, o mesmo artigo indica que formarán parte dela as persoas titulares das consellerías con competencia en materia educativa e sanitaria.

As funcións desta Comisión son as recollidas no artigo 140 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, e para levalas a cabo estableceranse, a través dunha orde conxunta das consellerías competentes en materia educativa e sanitaria, as normas xerais de organización e funcionamento.

Optouse pola figura da orde conxunta ao considerar que o dito instrumento é o máis adecuado para a regulación deste tipo de cuestións, sen necesidade de acudir a unha norma emanada do Consello da Xunta.

Na súa virtude, en uso das facultades atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, por proposta conxunta da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional e do conselleiro de Sanidade, (de acordo co/oído o) Consello Consultivo e previa deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día XXX de XXX de dous mil dezanove,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

Establecer a composición e funcións da Comisión Interdepartamental en Materia de Educación e Saúde.

Artigo 2. *Finalidade*

A finalidade da Comisión é establecer de forma permanente a coordinación e o impulso necesarios para o desenvolvemento de iniciativas de promoción, protección e educación para a saúde. Esta Comisión atenderá aos principios de eficacia, eficiencia e participación.

Artigo 3. Composición

1. A Comisión Interdepartamental en Materia de Educación e Saúde estará composta polas seguintes persoas membros:
 - a. A persoa titular da consellería competente en materia de educación.
 - b. A persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.
 - c. A persoa titular da secretaría xeral da consellería competente en materia de educación.
 - d. A persoa titular do centro directivo da consellería competente en materia de educación que ostente atribucións en educación, formación profesional e innovación educativa.
 - e. A persoa titular da subdirección xeral competente en materia de recursos educativos complementarios.
 - f. A persoa titular da subdirección xeral competente en Centros.
 - g. A persoa titular da subdirección xeral competente en materia de ordenación, innovación educativa e formación do profesorado.
 - h. A persoa titular da subdirección xeral competente en materia de inspección, avaliación e calidade do sistema educativo.
 - i. A persoa titular do centro directivo da consellería competente en materia de sanidade que ostente atribucións en saúde pública. A persoa titular da secretaría xeral técnica da devandita consellería poderá substituíla.
 - j. A persoa titular do centro directivo do Servizo Galego de Saúde competente en materia de asistencia sanitaria. A persoa titular da xerencia do devandito organismo autónomo poderá substituíla.
 - k. A persoa titular da subdirección xeral competente en materia de programas de control de riscos ambientais para a saúde.
 - l. A persoa titular da subdirección xeral de programas de fomento de estilos de vida saudables.
 - m. A persoa titular da subdirección xeral de información sobre saúde e epidemioloxía.
 - n. A persoa titular da subdirección xeral do Servizo Galego de Saúde competente en materia de planificación e programación asistencial.
2. Os/as membros titulares poderán delegar noutros/as membros da administración educativa ou sanitaria con suficiente capacidade de decisión nos temas que se traten na Comisión.
3. Exercerán de forma rotatoria as funcións da presidencia da Comisión as persoas titulares da consellería competente en materia de educación e da consellería con competencia en materia de sanidade, ou as persoas nas que deleguen. A presidencia recaerá inicialmente na persoa titular da consellería competente en materia de sanidade ou na persoa en quen delegue. A rotación da presidencia se producirá anualmente, correspondendo os anos pares á persoa titular da consellería competente en materia de educación e os impares á persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.
4. O/A presidente/a exercerá as funcións inherentes ao seu cargo de acordo coas normas internas de funcionamento da Comisión Interdepartamental en Materia de Educación e Saúde ou, no seu defecto, coas previstas na normativa sobre órganos colexiados da Administración da Comunidade Autónoma de

Galicia.

5. Exercerá as funcións da secretaría da Comisión, con voz e sen voto, unha persoa funcionaria dunha das dúas consellerías. Será designada polas persoas titulares de ambas as dúas consellerías.

Artigo 4. *Funcións*

Son funcións da Comisión Interdepartamental en Materia de Educación e Saúde as seguintes:

- a) A análise dos estudos dos problemas de saúde relevantes e a súa incidencia no ámbito educativo.
- b) A aprobación ou proposta, de ser o caso, de liñas de actuación preferentes.
- c) A coordinación dos diferentes recursos existentes para acadar unha maior eficiencia na promoción da saúde no ámbito educativo mediante o traballo conxunto nas intervencións relacionadas coa saúde sexual e reprodutiva, saúde mental, hábitos de vida saudables, prevención da ludopatía, o alcoholismo, as adicións relacionadas coas TICs e outras adicións ou problemas de saúde que se propoñan e aproben pola Comisión.
- d) A coordinación das intervencións relacionadas coa protección da saúde; en particular, aquelas orientadas á seguridade alimentaria e á protección fronte a riscos ambientais.
- e) A coordinación e o traballo conxunto no ámbito escolar e sanitario dos programas desenvolvidos para a atención aos/ás escolares con necesidades especiais de saúde tendo unha consideración especial as enfermidades crónicas, a saúde mental, trastornos da conduta alimentaria, trastorno do espectro autista, outras enfermidades que impliquen dificultades na aprendizaxe e aquelas outras que se consideren en cada momento.

Artigo 5. *Comités específicos*

1. A Comisión poderá crear comités específicos para:
 - 1.a) A coordinación e control da execución das liñas de actuación propostas pola Comisión, asegurar o bo funcionamento dos outros Comités, informar á Comisión do estado de desenvolvemento das actuacións previstas e aquelas outras que lle sexan designadas pola Comisión.
 - 1.b) A realización de traballos conxuntos e coordinados entre as persoas representantes de sanidade e educación que a Comisión acordase previamente.
 - 1.c) A realización de estudos ou informes que, mediante acordo da Comisión, se consideren oportunos e necesarios para a súa toma de decisións.
2. A vixencia dos comités poderá ser temporal, extinguíndose no momento da presentación do estudo ou informe ou da finalización do traballo conxunto, ou poderá, por acordo expreso da Comisión, constituírse nun comité permanente suxeito a unha revisión anual sobre a súa composición e funcionalidade.
3. A composición destes comités será aprobada polo/a presidente/a da Comisión e as súas persoas membros poderán ser propostas por calquera persoa membro daquela. Os/as membros poderán ser persoas pertencentes á consellería competente en materia de educación ou á consellería competente en materia de sanidade e/ou persoas alleas á administración que sexan expertas na materia que interese en cada caso.

Disposición adicional primeira. *Presenza equilibrada de mulleres e homes*

Na composición da Comisión e dos comités atenderase ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes na medida do posible.

Disposición adicional segunda. *Constitución da Comisión*

1. A sesión constitutiva da Comisión Interdepartamental en Materia de Educación e Saúde terá lugar no prazo máximo de 3 meses a partir da entrada en vigor deste decreto.

2. Na primeira sesión da Comisión figurarán, como mínimo, entre os puntos da orde do día: o acordo de constitución e a aprobación da proposta das normas xerais de organización e funcionamento, que serán aprobadas por orde conxunta de ambas as dúas consellerías.

Disposición adicional terceira. *Impacto orzamentario*

A constitución e posta en funcionamento da Comisión e dos comités específicos aos que se refire o artigo 5 non xerarán un incremento das consignacións orzamentarias das consellerías competentes en materia de sanidade e educación. Asemade, as persoas que pasen a formar parte dos devanditos órganos non percibirán ningunha retribución pola súa pertenza a estes.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Autorízase ás consellerías competentes en materia de educación e sanidade para que de forma conxunta ditén, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan precisas para a aplicación e desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, ____ de _____ de dous mil dezanove

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Carmen Pomar Tojo
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

Jesús Vázquez Almuiña
Conselleiro de Sanidade